

**ACTA 4/18**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 27 DE FEBREIRO DE 2018 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 09:40 horas do día 27 de febreiro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D<sup>a</sup>. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

**Secretaria:** D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

**1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL ASÍ COMO LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL ASÍ COMO LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 26 de febreiro de 2018 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto o expediente de contratación incoado por Providencia da alcaldía de data 22 de febreiro de 2018, para adxudicar o contrato de servizo de telefonía fixa e móbil así como liñas de datos para acceso a internet e creación e mantemento das infraestruturas necesarias para a correcta prestación do servizo, nas instalacións dependentes do Concello de Teo, mediante procedemento aberto e con varios criterios de adxudicación.

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito de 22/02/2018.
- Prego de prescricións técnicas de 26/02/2018.
- Prego de cláusulas administrativas particulares de 26/02/2018.
- Informe de adxunta a secretaría de 26/02/2018.
- Informe de Intervención de 26/02/2018.

Vistos os artigos 109, 110 e 157 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e sendo competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda do citado Texto Refundido en relación coa Resolución da alcaldía de 15/06/2015 (res. 463/15).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.**- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios de valoración, do servizo de de telefonía fixa e móbil así como liñas de datos para acceso a internet e creación e mantemento das infraestruturas necesarias para a correcta prestación do servizo, nas instalacións dependentes do Concello de Teo. Expte.: S-2/2018

**Segundo.**- Aprobar os Prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas de data 23/02/2018, que rexerán a contratación, e que se incorporan ao expediente.

**Terceiro.**- Aprobar o gasto correspondente ao presente exercicio por importe de 45.000,00 €, IVE engadido, con cargo a partida orzamentaria 2018 920/222.00 do estado de gasto do orzamento municipal.

**Cuarto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto con varios criterios de valoración, publicando o anuncio de licitación no BOP, no DOG en extracto e no perfil do contratante do concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 142 do TRLCSP.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16)), acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios de valoración, do servizo de de telefonía fixa e móbil así como liñas de datos para acceso a internet e creación e mantemento das infraestruturas necesarias para a correcta prestación do servizo, nas instalacións dependentes do Concello de Teo. Expte.: S-2/2018

**Segundo.-** Aprobar os Prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas de data 23/02/2018, que rexerán a contratación, e que se incorporan ao expediente.

**Terceiro.-** Aprobar o gasto correspondente ao presente exercicio por importe de 45.000,00 €, IVE engadido, con cargo a partida orzamentaria 2018 920/222.00 do estado de gasto do orzamento municipal.

**Cuarto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto con varios criterios de valoración, publicando o anuncio de licitación no BOP, no DOG en extracto e no perfil do contratante do concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 142 do TRLCSP.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde  
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral  
Virginia Fraga Díaz